




FORMACIÓN
PARA O
DESEMPEÑO
EXCEPCIONAL
DA FUNCIÓN DOCENTE



5. PARA SEGUIR FORMÁNDOTE

A PLATAFORMA DE TELEFORMACIÓN DE GALICIA (PLATEGA)

PLATEGA (Plataforma de Teleformación de Galicia) é o espazo virtual onde se desenvolven os cursos na Rede do Plan de Formación do Profesorado. O desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación permiten esta modalidade de aprendizaxe, cuxo fundamento é aproveitar a facilidade de distribución de materiais formativos e as ferramentas de comunicación das redes informáticas para crear unha contorna de ensino e aprendizaxe. Deste xeito, e mediante unha conexión á Rede, os usuarios poden realizar actividades interactivas, acceder aos materiais precisos para adquirir o coñecemento, recibir axuda, realizar comunicacións ou avaliar o seu progreso. Podes obter máis información premendo no pé da seguinte imaxe.



[Información sobre PLATEGA](#)

A inscrición nun curso na Rede, realízase do mesmo modo que para o resto dos cursos do plan de formación, a través de [Fprofe](#), na dirección www.edu.xunta.es/fprofe. Pódese filtrar a busca por “forma de participación / na Rede” e os criterios de admisión serán os que aparezan no Plan Anual.

Para acceder a PLATEGA debes dispoñer dunha conta de usuario da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no dominio@edu.xunta.gal. No caso de non dispoñer dunha e precisar solicitala, podes contactar coa Unidade de Atención a Centros (UAC) na seguinte [ligazón](#).

Unha vez que chegues á páxina de PLATEGA e te identifies, accederás a unha nova páxina onde automaticamente aparecerán os cursos na Rede nos que esteas admitido/a. Para entrar neles terás que premer enriba do título do curso.

Se nunca antes fixeras un curso en Platega, sen dúbida este curso no que estás a participar poderache servir para ter unha idea de como funcionan e como se organizan as formacións nesta Plataforma. Neste senso, aproveitamos aquí para darche unhas cantas ideas de como xestionarte en Platega.


Cando te atopes ante Platega, podes configurar o teu perfil ti mesmo/a ou ben podes empregar algunha das utilidades que aparecen na esquina superior dereita da pantalla, xusto onde se atopa o teu nome e foto de perfil.

Aínda que algo agochada, unha vez que emerxe a xanela tes varias opcións ás que poderás darlle bastante uso:

- **A miña área persoal:** Dá unha visión xeral dos cursos que estás a facer e as datas (cronograma) nas que terás que realizar entregas.
- **Perfil:** Podes, entre outras opcións, poñer a túa foto de perfil e no apartado Miscelánea, revisar as túas intervencións.
- **Cualificacións:** Terás acceso ao teu libro de cualificacións de cada un dos cursos que esteas a facer ou nos que esteas matriculado/a.

- **Mensaxes:** Servirache para mandar mensaxes internas a través de Platega, mensaxes que serán privadas entre ti e a persoa coa que che queiras comunicar (compañeiro ou compañeira do curso, titor ou titora, coordinador ou coordinadora...).
- **Preferencias**
- **Saír:** Simplemente pechar a aplicación.


Respecto ao apartado **Preferencias** podemos pararnos un momento para observar que hai varias opcións que pode ser interesante ter en conta:



Atoparás varias opcións que podes ir revisando e coñecendo. De seguro unha das opcións máis interesantes neste momento é a que recibe o nome de **Preferencias do foro**, pois nela poderás decidir como recibirás cada unha das participacións que se fan nos foros dos cursos nos que esteas participando.

En **Tipo de resumo do correo**, decidirás se desexas:

- Recibir un correo por cada intervención que se faga nun foro
- Recibir un único correo no día con todas as intervencións
- Recibir un correo por foro coas intervencións de cada foro



Preferencias do foro

Tipo de resumo de correo ? Sen resumo (un correo por cada mensaxe do foro) ▾

Subscripción automática ao foro Si: cando envíe unha mensaxe, subscribeme a ese foro ▾

▼ Seguimento do foro

Seguimento do foro Si: resaltar as novas mensaxes para min ▾

Ao enviar as notificacións de comentarios do foro ? Marcar o comentario como lido ▾

En **Subscripción automática** ao foro podes escoller:

- Quedar suscrito/a directamente a un foro unha vez que fagas a túa primeira achega e recibir as sucesivas intervencións que nel se fagan.
- Non subscribirte aos foros automaticamente.

No apartado de **Seguimento do foro**, é importante que repares en que existe a posibilidade de que apareza un resaltado das novas mensaxes que non teñas aberto, o que facilita saber que hai novas participacións.